

Protocolo de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación Empresa-Universidade (FEUGA) para a colaboración no desenvolvemento de proxectos de formación profesional dual polo réxime de bolsas

Santiago de Compostela, 17 de abril de dous mil trece

REUNIDOS

Dunha parte, don Jesús Vázquez Abad, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, en representación desta e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei do Parlamento de Galicia 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente.

E doutra, don Francisco Javier Pereiro Pérez, director xeral da Fundación Empresa-Universidade Galega, como representante legal desta, segundo consta no poder outorgado ao seu favor.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que para convir, en nome das entidades que representan, teñen conferidas,

EXPOÑEN

1º. A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, determina no artigo 39 que a formación profesional no sistema educativo ten por finalidade preparar o alumnado para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación ás modificacións laborais que poidan producirse ao longo da súa vida, así como contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática.

2º. A Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, especifica nos artigos 6 e 11.3 que a colaboración das empresas no desenvolvemento do Sistema Nacional de

Cualificacións e Formación Profesional se desenvolverá, entre outros ámbitos, mediante a súa participación na formación do alumnado nos centros de traballo, favorecendo a realización de prácticas profesionais dos alumnos e das alumnas nas empresas e noutras entidades, e deberán establecerse os mecanismos axeitados para que a formación que reciba financiamento público poida ofrecerse por centros ou directamente polas empresas, mediante concertos, convenios, subvencións ou outros procedementos.

3º. A disposición adicional segunda do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo, determina que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración coas empresas e entidades empresarias e, en particular, coas máis implicadas en sectores clave da economía galega e as relacionadas cos sectores emerxentes. Esta colaboración ten como finalidade, entre outras, a posibilidade de impartir módulos profesionais incluídos en títulos de formación profesional nas instalacións das empresas, co fin de garantir que a formación se realice cos equipamentos máis actuais, así como a actualización profesional. Esta colaboración formalizarase mediante convenio.

4º. O Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual, pretende crear as bases para a implantación progresiva da formación profesional dual en España, entendida como o conxunto de accións e iniciativas formativas que teñen por obxecto a cualificación profesional das persoas, combinando os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro de formación, propiciando unha participación máis activa da empresa no propio proceso formativo do alumnado e, daquela, permitir que estas coñezan de xeito máis próximo a formación que reciben, cada vez máis adaptada ás demandas dos sectores produtivos e ás necesidades específicas das empresas. Neste sentido, a empresa e o centro de formación profesional estreitan os seus vínculos, unen esforzos e favorecen unha maior inserción do alumnado no mundo laboral durante o período de formación.

Así mesmo, establece que terán a consideración de formación profesional dual os proxectos desenvolvidos no ámbito do sistema educativo, coa coparticipación dos centros educativos e das empresas, cando non medie un contrato para a formación e a aprendizaxe. Estes proxectos formalizaranse a través dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a empresa colaboradora, e empregarase un réxime de bolsas.

5°. A Fundación Empresa–Universidade Galega (FEUGA), constituída o 11 de abril de 1983, é unha fundación de interese galego recoñecida pola Orde de 1 de agosto de 1984 (DOG do 26 de outubro), inscrita no Rexistro de Fundacións da Xunta de Galicia co número 155, e foi fundada polas tres universidades galegas e as entidades públicas ou privadas, agrupacións, cámaras de comercio e confederacións empresariais asinantes da súa carta fundacional. Entre os seus membros, FEUGA conta con numerosas empresas e entidades empresariais de todos os sectores da economía galega, entre elas dos sectores clave da economía e referidas a sectores emerxentes para a economía galega.

6°. Asemade, FEUGA, como entidade de dereito privado, sen fins lucrativos e dedicada ao desenvolvemento da economía e da sociedade de Galicia, ten entre os seus fins fundacionais o da promoción, a protección e o fomento de todas as clases de estudos e investigacións, para a consecución do cal levará a cabo o financiamento de programas concretos de bolsas de estudo ou investigación e procurará a colaboración entre as empresas e as institucións públicas de cara a facilitar a presenza se alumnado na empresa, co fin de mellorar a súa formación e a adquisición de experiencia en actividades profesionais.

7°. FEUGA promove desde a súa creación, como unha das súas actuacións prioritarias consonte os seus fins fundacionais, a formación práctica de persoas tituladas e estudantes do sistema educativo galego a través dos seus programas de bolsas de formación (PBF e PBE), co fin último de conseguir un achegamento e a necesaria interacción entre o mundo laboral e o sistema educativo, cos conseguintes beneficios para ambas as partes.

8°. As partes coinciden en salientar a necesidade de fomentar a formación profesional dual como xeito de incrementar o número de persoas que poidan obter un título de formación profesional, de facilitar a inserción laboral como consecuencia dun maior contacto coas empresas e de incrementar a vinculación e a corresponsabilidade coa formación profesional por parte do tecido empresarial, o que ha poder contribuír directamente a formar os futuros profesionais que necesita.

9º. A experiencia de FEUGA nos seus programas de bolsas de formación, como consecuencia do grande interese que amosa por eles o tecido empresarial galego, lévaa a decidir, en cumprimento e desenvolvemento dos seus fins, a colaboración activa coa Administración competente para a posta en marcha de programas de formación profesional dual nos que participen as empresas e entidades empresarias membros ou que colaboren cos fins de FEUGA, así como para a posta en marcha dun programa de bolsas de formación para o alumnado da formación profesional dual, que facilite a posibilidade para os alumnos e as alumnas de obteren un título de formación profesional.

10º. De conformidade co disposto no artigo 4, alínea d), do texto refundido da lei de contratos do sector público, son negocios e contratos excluídos do ámbito da devandita lei “os convenios de colaboración que, de conformidade coas normas específicas que os regulan, celebre a Administración con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado, sempre que o seu obxecto non estea comprendido no dos contratos regulados nesta lei ou en normas administrativas especiais.”

11º. O presente protocolo de colaboración está excluído do ámbito de aplicación do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, por disposición do artigo 4.1.d).

12º. Neste marco, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e FEUGA resaltan a necesidade de uniren esforzos, mellorando o aproveitamento dos recursos e os medios dos que cada unha dispón, para daren un impulso á implantación da formación profesional dual no tecido empresarial galego, e acordan a subscripción dun protocolo de colaboración para impulsar e apoiar as actuacións que se dirixan á posta en marcha do réxime de bolsas de estudantes de FEUGA nos programas de formación profesional dual nos que participen empresas e entidades empresariais e os centros docentes autorizados para impartir ciclos formativos de formación profesional dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

13º. Obxecto do presente protocolo de colaboración é establecer as condicións xerais polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e FEUGA para a implantación do réxime de bolsas a estudantes nos proxectos de formación profesional dual no sistema educativo, cando non medie un contrato para a formación e a aprendizaxe.

En consecuencia, estes organismos acordan subscribir este protocolo de colaboración, con base nas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, e da Subdirección Xeral de Formación Profesional, e FEUGA, dentro do marco para o desenvolvemento de proxectos de formación profesional dual no sistema educativo, colaborarán para a implantación e a aplicación dun réxime de bolsas FEUGA nos proxectos de formación profesional dual que autorice a Administración educativa mediante convenio con empresas colaboradoras.

Segunda. A implantación e a aplicación do réxime de bolsas, con suxeición ás condicións e ás características recollidas no presente protocolo de colaboración, terá lugar mediante a inclusión no proxecto de formación profesional dual que se autorice e formalice entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a empresa colaboradora, da previsión de que o alumnado disporá dunha bolsa a través do réxime de bolsas de FEUGA.

Terceira. O réxime de bolsas destinado aos proxectos de formación profesional dual é un mecanismo de natureza extralaboral, pensado co fin de beneficiar directamente as propias persoas bolseiras, para recibiren a formación necesaria para a obtención dun título de formación profesional de grao medio ou superior ou, de ser o caso, acreditación parcial acumulable. O programa de bolsas de formación de FEUGA cumpre os requisitos previstos no artigo 1 do Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación, polo que a devandita norma resulta de aplicación.

Cuarta. Para os efectos do disposto nas cláusulas anteriores, nos supostos en que as empresas que asinen convenios coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para colaborar en proxectos de formación profesional dual opten por incluír un réxime de bolsas para os estudantes aos que se refire o proxecto de formación, o devandito réxime de bolsas será o das bolsas de forma-

ción profesional de estudantes de FEUGA. O réxime de bolsas estará suxeito ás seguintes especificidades:

- a. A empresa, en virtude da sinatura do convenio coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, adquirirá o estatus de entidade colaboradora do Programa de Bolsas Formación Profesional Dual (PBFpd). A Administración educativa informará a FEUGA das sinaturas de convenios con empresas para desenvolver proxectos de formación profesional dual no réxime de bolsas.
- b. Para a efectividade da bolsa, as empresas doarán a FEUGA en períodos mensuais con carácter irrevogable, salvo polas causas legalmente previstas no artigo 648 do Código Civil, a cantidade económica estipulada no convenio asinado entre a empresa e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Os ingresos deberán facerse efectivos nun número de conta da que é titular FEUGA e do que será informada a empresa.
- c. Para os efectos do disposto na Lei 49/2002, do 23 de decembro, do réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, FEUGA expediralle á empresa a certificación da doazón á que alude o artigo 24 da lei, no momento en que esta se fixer efectivo.
- d. Para a efectividade do réxime de bolsas, as empresas colaboradas e as persoas bolseiras deberán, en todo momento, cumprir os requisitos establecidos na normativa que regula os proxectos de formación profesional dual e nos convenios asinados entre empresa e Administración educativa, dos que se entregará copia a FEUGA a fin de que, xunto cos informes do seguimento que no seu caso se efectúen, poida levar a cabo tanto a efectividade da bolsa coma o control do cumprimento do réxime da mesma.

Quinta. FEUGA obrígase á realización das accións obxecto deste protocolo de colaboración e a facer constar en calquera tipo de publicidade e información que realice ao respecto a participación e a colaboración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Sexta. A subscrición do presente protocolo de colaboración non supón relación laboral contractual nin de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades e a Consellería de Cul-

tura, Educación e Ordenación Universitaria, de tal xeito que non se lle pode esixir responsabilidade ningunha, nin indirecta nin subsidiaria, polos actos ou feitos acontecidos no desenvolvemento deste.

Sétima. Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión, que se reunirá cando se considere oportuno por calquera das partes asinantes. Esta comisión estará constituída por:

- Presidente: o director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación educativa, ou persoa na que delegue.
- Vogais:
 - A subdirectora xeral de Formación Profesional.
 - O subdirector xeral de FEUGA.

A comisión ditará as súas propias normas internas de funcionamento e deberá reunirse sempre que sexa necesario para o bo fin da colaboración. Entre outras, á comisión corresponderanlle as seguintes funcións:

- a) Propor actuacións concretas de colaboración
- b) Preparar as addendas ou os anexos de execución do presente protocolo de colaboración sobre as modalidades de colaboración recollidas nel.
- c) Realizar o seguimento das actuacións específicas que se leven a cabo, así como aclarar e decidir cantas dúbidas poidan xurdir na súa interpretación e execución.

De consideralo de interese para os obxectivos e o desenvolvemento do protocolo de colaboración, as partes asinantes poderán invitar ás súas reunións a representantes das ensinanzas de formación profesional de Galicia, pola súa condición de persoas máis próximas aos receptores finais dos programas e das accións que abrangue o protocolo de colaboración.

Oitava. O protocolo de colaboración entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata a finalización dos proxectos de formación profesional dual do réxime de bolsas acollidos a el.

Novena. Este protocolo de colaboración extinguirase por finalización do tempo convido e poderase rescindir por calquera das partes, mediante denuncia dalgunha delas, que se lle deberá comunicar á outra cunha antelación mínima de quince días, baseada nalgunha das seguintes causas:

- a. Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades formativas programadas nos proxectos de formación dual do réxime de bolsas.
- b. Incumprimento das cláusulas establecidas neste convenio.

- c. Mutuo acordo entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e FEUGA.

Décima. Carácter administrativo do convenio.

Este protocolo de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e das materias sobre as que versa, as cales, ao abeiro do disposto no artigo 4.1 e 2 do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que xurdisen na súa aplicación e non puidesen ser solucionadas no seo da comisión de seguimento serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

Lido o presente convenio, atópano conforme e asínano no lugar e na data indicados.

**O conselleiro de Cultura, Educación
e Ordenación Universitaria**

**O director xeral da Fundación Empresa-
Universidade Galega (FEUGA)**

Asdo.: Jesús Vázquez Abad

Asdo.: F. Javier Pereiro Pérez